



Asunto: Proposta definitiva de aprobación de proxectos do GALP Ría de Pontevedra

A Xunta Directiva do GALP Ría de Pontevedra, en xuntanza celebrada o día 14 de abril de 2021, con *quorum* dabondo e, en segunda convocatoria, á vista da proposta provisional aprobada, das incidencias na mesma comunicada polo equipo técnico do GALP e das alegacións presentadas no período de exposición pública da proposta provisional de aprobación de proxectos previsto no artigo 24.3 da Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas – do 19 ao 29 de xuño, acadou os seguintes acordos relativos ao punto segundo da orde do día:

PUNTO 2º: Resolución de incidencias e alegacións presentadas á proposta provisional de aprobación de proxectos produtivos e non produtivos presentados á convocatoria de axudas da anualidade 2021

1. Proposta de proxectos produtivos.

Alegación presentada por Pescados Nieves S. L. .

A Xunta Directiva logo de analizar a alegación presentada procede a desestimar por non atopar xustificación dabondo para a aceptación do orzamento que solicita o promotor se teña en conta.

Alegación presentada por PESCADERIA SUAREZ S.L.

A Xunta Directiva logo de analizar a alegación presentada procede a desestimar por non atopar xustificación dabondo para a aceptación do orzamento que solicita o promotor se teña en conta.

Avaliación do proxecto presentado por David Otero Cacheda.

Logo de completar a documentación requirida, sométese a avaliación do equipo técnico á ratificación pola Xunta Directiva así como o cambio de obxectivo estratéxico respecto do proposto polo promotor. O proxecto encáixase no Obxectivo estratéxico de MEDIO AMBIENTE.

Modificación de provedores, orzamento e cronograma presentada por EL ENCANTO DE XARAS, SL.

Acéptase a modificación de orzamento, á baixa, presentada polo promotor así como a nova distribución da execución en dúas anualidades expoñendo á xerente que tivo que reaxustala ata deixar un 20 % na segunda anualidade para axustala á normativa de axudas.

Dáse conta de que as cantidades que figuran na proposta de resolución exceden os importes consignados na anualidade 2021 para proxectos produtivos e así mesmo supéranse os límites para os Obxectivos estratéxicos aínda dispoñibles polo que as cantidades finalmente aprobadas aos proxectos dependerá da dispoñibilidade de fondos, podendo ser sometida a proposta de aprobación a minoración e propoñéndose que as cantidades que non poidan



ser adjudicadas permanezan en lista de agarda por posibles minoracións na execución ou renuncias de promotores.

Infórmase así mesmo de que os proxectos de aloxamento turístico están pendentes do informe vinculante de turismo para a súa aprobación. Así mesmo tamén están condicionados os orzamentos aprobados ao informe de prezos de mercado que elabora o GALP Ría de Pontevedra. Existen ademais na proposta definitiva de aprobación de proxectos produtivos, proxectos pendentes de autorizacións de vinculación de provedores e proxectos pendentes de informe de prezos de mercado de proxectos tecnolóxicos.

2. Proposta de proxectos non produtivos.

Alegación presentada por AVITURGA (ASOC. VIVIENDAS TURÍSTICAS DE GALICIA).

Logo de lida a alegación presentada por Aviturga así como as aclaración da xerente en relación co informe de viabilidade e validándose as aclaracións presentadas por AVITURGA respecto aos contidos das accións formativas e ao persoal docente, acórdase:

- a aprobación do proxecto cun axuste orzamentario, ao entender que o importe consignado para o servizo administrativo excede os custes de xestión normais da formación.

Admítese un custe por servizos administrativos equivalente ao 20 % do importe solicitado para as actividades formativas. Este axuste se realiza en función das aclaracións remitidas pola entidade solicitante, xa que ao explicar cales serán as labores a realizar polo persoal administrativo, inclúe tarefas propias do funcionamento da entidade máis alá das necesarias para a actividade de formación para a que se solicita a axuda. Así mesmo, elimínase tamén o custe de páxina web ao dispor á entidade xa dunha web. Admítese o custe dos equipos informáticos mais tendo en conta que estes deben estar vinculados ao mantemento das actividades formativas os cinco anos seguintes á aprobación do proxecto e por entender que os custes de aluguer dos mesmos para as actividades financiadas poden ser máis elevados que os de compra ou inviables.

Sométese a aprobación a avaliación do proxecto de AVITURGA elaborada polo equipo técnico que é ratificada pola Xunta Directiva.

Alegación presentada polo Concello de Bueu.

Estúdase a alegación presentada polo Concello de Bueu e compróbase que a puntuación solicitada xa constaba incorporada na avaliación do expediente polo que non se altera a avaliación do proxecto.



Avaliación do proxecto presentado polo Concello de Sanxenxo.

Dáse conta de que a solicitude do Concello de Sanxenxo foi presentado no procedemento PE 155B inicialmente. A Consellería do Mar deunos traslado do expediente do que iniciamos a súa tramitación. Completada a documentación expone:

- Déixase fora do orzamento os equipamentos en aseos nas praias de Areas Gordas e Pragueira por tratarse de substitucións.
- Infórmase de que está pendente a acreditación da dispoñibilidade dos terreos que foille requirida.
- Apróbase o resto do orzamento e a avaliación do equipo técnico.

Dáse conta de que as cantidades que figuran na proposta de resolución exceden os importes consignados na anualidade 2021 para proxectos non produtivos e así mesmo supéranse os límites para os Obxectivos estratéxicos aínda dispoñibles polo que as cantidades finalmente aprobadas aos proxectos dependerá da dispoñibilidade de fondos, podendo ser sometida a proposta de aprobación a minoración e propoñéndose que as cantidades que non poidan ser adjudicadas permanezan en lista de agarda por posibles minoracións na execución ou renuncias de promotores.

3. Á vista do exposto, acórdase aprobar a proposta definitiva elaborada a partir dos acordos anteriores que inclúe:
 - a. a proposta de concesión de axudas aos proxectos que figuran no Anexo I, por orde descendente de puntuación dos proxectos.
 - b. A proposta de desestimación de axudas ás solicitudes que figuran no Anexo II, polos motivos expostos nela.
4. Elevar a presente proposta de resolución definitiva á Consellería do Mar acompañada dunha proposta individualizada coas condicións de selección de cada proxecto.
5. Publicar a presente proposta de resolución definitiva coa avaliación e baremación efectuadas no taboleiro de anuncios do GALP Ría de Pontevedra e na páxina web <https://mar.xunta.gal/> coa advertencia de que esta non crea ningún dereito a favor dos solicitantes propostos.

E para que conste expido esta certificación co Visto e prace da presidenta do GALP Ría de Pontevedra en Marín a 14 de abril de 2021.



A secretaria,

Vº Bº da presidenta,

Dona Consuelo Besada Lores

Dona María del Carmen Vázquez Nores